

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

En Santiago de Compostela

5 de febreiro de 2026

REÚNENSE

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Dona Sonia Rodríguez-Campos González, directora da Escola Galega de Administración Pública, nomeada mediante o Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG núm. 134, do 13.07.2012), que actúa en nome e representación desta en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo.

EXPOÑEN

1. Que as partes pretenden colaborar para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co que establecen as normas vixentes. En concreto:

- En desenvolvemento do artigo 148.1.17 da Constitución española de 1978 e do artigo 3.2 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia (BOE núm. 101, do 28.04.1981), a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14.07.1983), no seu artigo 2, obriga os poderes públicos a garantir o uso normal do galego e do castelán como linguas oficiais da comunidade autónoma. Ademais, o artigo 4.1 dispón que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, das entidades públicas dependentes dela, da súa Administración e da Administración local. Do mesmo xeito, o seu artigo 11 recolle a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

- A citada Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, nas alíneas c) e i) do seu artigo 3, menciona entre os seus fins o de organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración pública da comunidade autónoma, así como a difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

2. Que as partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou o Parlamento de Galicia por unanimidade o 21.09.2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar os produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Entre os obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega figuran:

- Acadar unha mellora nas actitudes do persoal ao servizo das administracións públicas cara á lingua galega e na súa capacitación para realizar o seu labor profesional en galego, con fluidez e corrección oral e escrita.
- Conseguir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e as actitudes favorables a esta lingua.

O plan tamén prevé unha serie de medidas para acadar os citados obxectivos, como:

- Programar novos procesos de formación lingüística do persoal ao servizo das administracións públicas que teñan como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e o coñecemento do vocabulario técnico específico.
- Redeseñar os cursos de actualización técnica do persoal ao servizo das administracións públicas de xeito que, fóra de casos extremos, esa formación técnica se imparta en lingua galega.

3. Que é unha obriga e unha vontade expresa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e mais da Escola Galega de Administración Pública potenciar o uso do galego no ámbito da Administración pública nos termos que indicaron anteriormente.

4. Que ambas as partes recoñecen reciprocamente as súas competencias e, conforme o exposto, acordan subscribir este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante, a Consellería), a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Escola Galega de Administración Pública (en diante, a EGAP), é o de establecer as condicións que rexerán a colaboración para realizar actividades de formación en lingua galega durante os anos 2026 e 2027, dirixidas ao persoal ao servizo das administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ao persoal da Administración de xustiza e ao persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia.

Segunda. Actividades

As actividades de formación obxecto deste convenio consistirán na realización de 50 cursos anuais de linguaxe administrativa e xurídica galegas, de niveis medio e superior. Estas accións formativas impartiranse na modalidade de formación en liña, sen prexuízo de que a súa convocatoria anual estea supeditada a que conte coa aprobación do Consello Reitor da EGAP.

Terceira. Duración, contido e avaliación dos cursos

Os cursos deberán axustarse ao establecido na Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121, do 24.06.2011; corrección de erros no DOG núm. 223, do 22.11. de novembro de 2011).

O tempo de traballo estimado para cada curso é de 75 horas.

Os contidos que se impartirán serán os que recollen os respectivos programas docentes que se detallan nos anexos da citada orde.

O sistema de cualificación basearase no principio de avaliación continua. En todo caso, o alumnado deberá realizar as prácticas e as tarefas que se lles propoñan, así como unha proba final que constará dunha parte escrita e dunha parte oral.

Tras o remate de cada curso, o profesorado deberá achegarlle á Secretaría Xeral da Lingua a valoración das prácticas e das tarefas, así como a acta do curso e a proba final corrixida.

Cuarta. Certificación dos cursos

O alumnado que supere o curso recibirá o certificado correspondente, no que constará a colaboración da Secretaría Xeral da Lingua e da EGAP.

Quinta. Programación e selección do alumnado

A EGAP fixará a distribución do número e do tipo de cursos e niveis que se lle ofrecerán cada ano ao persoal das distintas administracións ao que se dirixe esta formación, así como as datas de impartición e da proba final.

Do mesmo xeito, correspóndelle á EGAP a selección do alumnado asignado a cada curso, para o que seguirá os seus propios criterios de selección, segundo o que fixa a Resolución da EGAP do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm. 96, do 23.05.2023; correccións de erros no DOG núm. 130, do 10.07.2023, e no DOG núm. 148, do 04.08.2023), e mais a oferta de prazas dispoñibles.

En todo caso, para acceder ao curso de nivel medio é necesario contar co Celga 4 ou nivel de perfeccionamento de lingua galega, ou ben co curso básico de linguaxe administrativa galega, co curso básico para o persoal da Administración de xustiza ou co curso básico de linguaxe administrativa sanitaria. Para acceder ao curso de nivel superior, cómpre dispoñer do curso medio de linguaxe administrativa galega, do curso medio de linguaxe xurídica galega ou de calquera dos cursos equivalentes a estes recollidos no artigo 5.2 da citada Orde do 13 de xuño de 2011.

O número de participantes en cada curso non poderá ser superior a 25. No caso de que resulten prazas vacantes, estas ofreceránselles, por orde, ás persoas da listaxe de agarda.

Sexta. Profesorado

A Consellería, por proposta da Secretaría Xeral da Lingua, designará o profesorado que impartirá os cursos de entre as persoas que se atopan en situación de execución das sentenzas que declaran a súa condición de persoal laboral indefinido, non fixo, para traballos fixos descontinuos, na categoría 40 do grupo I, titulado superior lingüista, da Xunta de Galicia.

A Consellería realizará todos os trámites legais necesarios para a súa incorporación, que se efectuará segundo a modalidade que sexa pertinente, e, por necesidades do servizo, adoptará todas aquelas medidas que a súa execución implique.

Sétima. Financiamento

O custo da docencia por curso é de 5.444,31 euros, sen prexuízo dos incrementos retributivos que puidesen aprobarse anualmente. O custo da coordinación por curso é de 300 euros. Tendo en conta que na cláusula segunda se acorda a impartición de 50 cursos ao ano, o custo anual do profesorado é de 272.215,50 euros e o da coordinación é de 15.000 euros. Ambas as contías suman 287.215,50 euros, que é o importe total anual. Dado que a duración do convenio é de dous anos, o importe total das actividades enmarcadas neste é de 574.431 euros.

Para sufragar o importe correspondente a cada ano de duración do convenio (287.215,50 euros), a colaboración entre as partes organízase do seguinte xeito:

- A Consellería asumirá anualmente o financiamento dos gastos do profesorado de 12 cursos, cun importe de 65.331,72 euros, con cargo ás aplicacións 13.02.151A.133.00 e 13.02.151A.160.33 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio correspondente (2026 e 2027), sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

A Consellería tamén se encargará da xestión dos gastos do profesorado dos 38 cursos restantes, que financiará a EGAP, para o que se tramitará cada ano unha modificación orzamentaria por un importe de 206.883,78 euros.

- A EGAP asumirá de xeito anual o financiamento dos gastos do profesorado de 38 cursos por un importe de 206.883,78 euros, así como o financiamento dos gastos de coordinación de todos os cursos (50) por un importe de 15.000 euros; todos eles, con cargo á aplicación 10.81.122B.226.17 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio correspondente (2026 e 2027), sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

A desagregación por anualidades e o importe total respecto da achega da Consellería son os seguintes:

Actividade que se financia	Importe que se financia		
	2026	2027	TOTAL
Gastos do profesorado de 12 cursos	65.331,72 €	65.331,72 €	130.663,44 €
TOTAL	65.331,72 €	65.331,72 €	130.663,44 €

A desagregación por anualidades e o importe total respecto da achega da EGAP son os seguintes:

Actividade que se financia	Importe que se financia		
	2026	2027	TOTAL
Gastos do profesorado de 38 cursos	206.883,78 €	206.883,78 €	413.767,56 €
Gastos da coordinación de todos os cursos (50)	15.000,00 €	15.000,00 €	30.000,00 €
TOTAL	221.883,78 €	221.883,78 €	443.767,56 €

A suma total dos importes correspondentes ás achegas de ambas as partes é a que se expón a continuación:

Partes	Importe que se financia		
	2026	2027	TOTAL
Consellería	65.331,72 €	65.331,72 €	130.663,44 €
EGAP	221.883,78 €	221.883,78 €	443.767,56 €
TOTAL	287.215,50 €	287.215,50 €	574.431,00 €

Oitava. Comunicación e publicidade

Calquera tipo de comunicación ou publicidade sobre as actividades que se prevén neste convenio deberá facer referencia á colaboración entre a Secretaría Xeral da Lingua e a EGAP. Deberán figurar os logotipos dos dous organismos con igual rango e consideración.

Novena. Información final das actividades

Cando rematen as actividades de cada semestre, a EGAP facilitaralle á Secretaría Xeral da Lingua os datos que esta lle poida solicitar, tales como as enquisas de avaliación do profesorado e o grao de satisfacción do alumnado.

Décima. Normativa aplicable

Todas as accións que se realicen ao abeiro deste convenio faranse consonte a normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego que fixa a Real Academia Galega, tal e como o estipula a disposición adicional da Lei 3/1983. Igualmente, respectarase a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Décimo primeira. Comisión de seguimento

As partes constituirán unha comisión de seguimento das actividades que se prevén neste convenio. Esta estará composta pola persoa titular da Subdirección Xeral de Política Lingüística, a persoa titular da Secretaría Xeral da EGAP e mais as persoas que ocupen as xefaturas dos servizos encargados da formación en cada un destes organismos.

A comisión estará facultada para resolver as dúbidas que puideren xurdir na execución deste convenio e poderaa asistir o persoal técnico necesario. Os acordos que adopte neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda. Comisión de avaliación

As partes constituirán unha comisión de avaliación para estudar as reclamacións que se presenten en relación coas cualificacións que se outorguen nos cursos e para resolver as incidencias que poidan xurdir con respecto á súa impartición. Esta comisión estará formada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Política Lingüística, a persoa encargada da coordinación dos cursos e dúas persoas expertas da Secretaría Xeral da Lingua.

A comisión emitirá un informe que servirá de base para a resolución das reclamacións.

Décimo terceira. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos que consten nel, consonte o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15.02.2016), o artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10.12.2013), e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 03.08.2006).

Décimo cuarta. Notificación electrónica

A teor do artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas pertencentes a colexios profesionais, quen represente unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e o persoal empregado das administracións públicas para os trámites que realicen por razón da súa condición de persoal empregado público.

Consonte isto, as notificacións que sexan precisas para a xestión dos cursos obxecto deste convenio realizaranse por medios electrónicos, a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), aloxada no sitio web <https://notifica.xunta.gal>.

Décimo quinta. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométese a cumprir as disposicións da normativa vixente en materia de protección de datos, onde se xustifica a lexitimidade do seu tratamento.

No exercicio dos poderes públicos que lles confire a lei, as partes comprométense a se cederen mutuamente os datos persoais das persoas interesadas en participar nas actividades formativas que se convoquen ao abeiro deste convenio. Con esta finalidade, as partes facilitaranse o acceso a eles a través dos seus respectivos medios técnicos, con estrita suxeición ao que dispón a normativa aplicable.

Para o cumprimento do fins deste convenio, cada parte declara e garante que, antes da subministración á outra dos datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura ou desenvolvemento deste convenio, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída neste documento, e tamén daqueles outros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte.

Para estes efectos, as páxinas web das partes asinantes (<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <https://egap.xunta.gal>) conteñen a información relativa ao tratamento dos datos persoais e ao modo no que as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos, o contacto coas persoas delegadas de protección de datos e os demais aspectos que esixe a normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos á transparencia da información, á supresión, á limitación, á portabilidade e á reclamación.

Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para cumprir a finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade á súa vixencia, polo tempo equivalente ao prazo de prescrición das accións legais que puidesen exercer as persoas interesadas para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Cando transcorra o citado prazo, as partes destruírán os datos.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais que se traten ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios e que se publiquen nas páxinas web, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes determinen.

As persoas representantes das partes e as demais titulares dos datos que se traten ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación, enviando unha petición razoada á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería (Edificio administrativo de San Caetano, rúa de San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela) ou ao seu enderezo electrónico (sxt.cultura@xunta.gal), ou ben á sede da EGAP (rúa Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela) ou ao seu enderezo electrónico (secretaria.egap@xunta.gal).

Do mesmo xeito, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Décimo sexta. Vixencia

A vixencia deste convenio esténdese desde a data da sinatura ata o 31 de decembro de 2027. As partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo de dous anos adicionais, sempre que a subscriban cunha antelación alomenos dun mes antes da súa finalización. No caso de que unha das partes incumpra os compromisos que se recollen no convenio, a outra poderá denunciálo por escrito.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, como proba de conformidade, as partes subscribíeno en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

José Carlos López Campos

A directora da Escola Galega de
Administración Pública

Sonia Rodríguez-Campos González